

CINE ESPAÑOL: BANDA Á PARTE
ESENCIAIS: STANLEY KUBRICK
UNIVERSO HITCHCOCK (e III)

FÓRA DE SERIE

CGAI JÚNIOR

OFF GALICIA: NCG10

PENSANDO EN CINE, PENSANDO EN GALICIA: XOSÉ MANUEL PEREIRO

DESENCADRES: STAN BRAKHAGE (38) / JODIE MACK

XUNTA DE GALICIA

NGC10

Celebramos unha década do xurdimento do Novo Cinema Galego. Foi esta a comezos de 2010 unha denominación que naceu con afán construtivo –antes posta en valor que en confrontación con outras fórmulas– e suma eficacia polo eco obtido. O desenvolvemento da etiqueta, que foi cobrando peso desde daquela, avalada por óptimos resultados artísticos, adquire na historia recente do cine producido en Galicia un protagonismo –un sentido de difusión, de riqueza artística–, que chega deica hoxe.

Unha vez pasado o tempo, moitos continúan a preguntarse que hai de novo neste novo cine. A asunción de riscos, a certeza de que non hai máis límites para facer arte que os do talento que se posúa, a vontade de participar nos debates estéticos que sacoden o cine no resto do planeta provocando obras en moitos casos innovadoras, que non chega tarde, que se suma ás tendencias e correntes creativas en tempo presente. Un artigo do escritor cinematográfico Martin Pawley datado o 2 de xaneiro de 2010 inauguraba a etiqueta, despois amplamente difundida a través do blog *Acto de Primavera*. Un punto de inflexión inmediato, o éxito do filme *Todos vós sodes capitáns* na Quincena de Realizadores de Cannes 2010, co seu director, Óliver Laxe, convertido no único cineasta representante español no festival, manifestaba a existencia desta nova xeración de creadores cinematográficos. Comézase a falar de obras con repercusión fóra, feitas á marxe da industria por un grupo heteroxéneo de autores (novos, mais con figuras pioneiras previas), con intereses e actitudes diversas. Autores que rachan con fórmulas industriais, que apostan por outras formas nun momento de cambio de paradigma, de mutación global. Exercen a hibridación de xéneros e formatos, do material encontrado ao documental de creación, do cine-ensaio ás exploracións autobiográficas. O eclecticismo formativo, a creación de abondosas sinerxias ou o papel protagonista dos festivais forman parte do seu ADN, que lanza nomes (sen ánimo exhaustivo) como os de Alberte Pagán, Óliver Laxe, Peque Varela, Eloy Enciso, Xurxo Chirro, Lois Patiño, Jaione Camborda, Víctor Hugo Seoane, Marcos Nine, Ángel Santos, Lara Baceo, Ramiro Ledo ou o dúo WeAREQQ.

Unha enquisa realizada entre os principais especialistas galegos en cine pola revista *Luzes* en 2014 proporcionaba singulares resultados. *Vikíngland*, *Todos vós sodes capitáns*, *Bs.As.*, *Arraianos* ou *Costa da Morte* presidían a listaxe. Pezas todas que, a diferentes escalas, recibiron certa consideración xeneralizada entendidas como títulos exploratorios, apuntes iconoclastas ou exemplo de novas narrativas, capaces de circular mundo adiante polo prestixioso circuito de festivais contemporáneo. Traballos que perfilan un momento en que os avances e a democratización determinan mutacións. Cambios globais e novos axentes.

Novembro de 1989 marcara un primeiro paso oficial, coa estrea das primeiras longametraxes galegas en 35 milímetros, *Continental* de Xavier Villaverde, *Urxa* de Carlos Aurelio López Piñeiro e Alfredo García Pinal e *Sempre Xonxa* de Chano Piñeiro. A partir dese momento, amplamente difundido polos medios e a historiografía, comeza a agromar de modo máis diáfano e estratéxico o que acabaría por desenvolverse ao longo dos anos 90: un cine realizado desde Galicia con pretensións en boa medida industriais que axiña había conseguir cifras tan elocuentes coma as 27 longas de produción no período 1997-2002. O apoio da administración pública e o simultáneo nacemento de institucións e centros de formación, escolas e facultades, acreditaban un esperanzador, novidoso e progresivo estado da cuestión. A denominación NCG veu sumarse a isto contribuíndo con outros elementos. Moitos deles continúan en circulación, perfeccionando ou mellorando, ampliando o catálogo de formas e propostas da nosa cinematografía. A eles ha atender nos próximos meses esta parte da programación do CGAI, que comezará polos traballos de dúas figuras clave, Óliver Laxe e Alberte Pagán.

ESENCIAIS: STANLEY KUBRICK

Aproveitamos novas remasterizacións dixitais para proxectarmos unha parte substancial da filmografía dunha figura lexendaria no imaxinario das artes do século XX, Stanley Kubrick (1928-1999). Nos meses de xaneiro e febreiro poderemos gozar das proxeccións de *Lolita* (1962), *2001: una odisea del espacio* (1968), *La naranja mecánica* (1971), *Barry Lyndon* (1975), *El resplandor* (1980), *La chaqueta metálica* (1987) e mais o título póstumo *Eyes wide shut* (1999).

O cineasta estadounidense representa, a través dun breve e esixente conxunto de filmes e malia as complexidades do sistema industrial, o triunfo da independencia, da liberdade creativa, do dereito á montaxe final do director. Dono dunha filmografía, trece longametraxes, en que cada pisada dada tería, especialmente desde a década dos 60, indiscutible protagonismo, Kubrick sobresaía a un tempo como autor popular, prestixioso e influente. E faíno pola súa pericia narrativa, formal; polo seu dominio do ritmo e dos personaxes; pola elegancia visual; pola fina e erudita escolma musical, capaz de *normalizar* para sempre a Ligeti ou Bartok; polo rigor (“matemático”, como proclama Michel Ciment) e a pescuda ou o absoluto control de todas as partes do proceso de traballo. Características todas que contribúen a consagrar desde moi cedo a este autodidacta, axedrecista, fotógrafo xuvenil (revista *Look*) e lector compulsivo que viviría nos que consideraba os tres centros da produción cinematográfica en inglés: Hollywood (segunda parte dos anos 50), Nova York (a súa cidade natal) e Londres, onde se instalaría *ad aeternum*, e establecería fogar e centro de operacións a partir de *Lolita*.

A riqueza e variedade da obra de Kubrick plásmase moi concretamente. Así, se *Senderos de gloria* (1957) aparece como epitome do cine antibelicista, *Espartaco* (1960), ou a loita de clases na Roma imperial, adestra a Kubrick nas xerarquías de estudo e en rodaxes tan longas coma sufridas. Os seus filmes previos, onde se acostumou cal home orquestra, tiveron, ben unha concepción artesanal, ben medios afastados da gran produción. *Atraco perfecto* (1956) xa mostrou o talento do seu facedor. E as achegas sucesivas de Kubrick, xa sexa en tréllings laterais sutuosos, singulares efectos sonoros, proezas coa steady-cam ou filmacións á luz das candeas, son trascendentes. Para *Lolita*, adaptación da novela de Vladimir Nabokov, en palabras de Michael Herr, impón o ton lírico-erótico desde a secuencia dos créditos iniciais, en canto *2001: una odisea del espacio* transforma a relación na recepción do cine industrial, ofrecendo un *trip* audiovisual fixado en varias xeracións de cinéfilos, unha experiencia onde a subversión do cine de xénero, o espírito de vangarda mais tamén da ciencia, e a súa permanente capacidade de renovación tecnolóxica, penetran en medio dunha década convulsa. Mundos distópicos con controversias sonadas (*La naranja mecánica*) e recreacións de época con pulsións coherentes (o século XVIII de *Barry Lyndon*) atraen a públicos disímiles, tal é o grao de acontecemento social en que se converteu a súa obra. No *Resplandor*, tal e como reflexionaba Domènec Font, Kubrick xoga cos mecanismos e resortes do cine de terror abrindo as portas do cine contemporáneo, da posmodernidade fílmica. E aínda a revisión de Vietnam (*La chaqueta metálica*) ha mergullar o espectador nouro universo dual e escéptico, que retrotrae á paranoia e ao *costumismo* delirante de *¿Teléfono rojo? Volamos hacia Moscú* (1964). E unha boa mostra de como a arte da ensoñación ou as tendencias oníricas na historia do cine poden perfilar robustos relatos é o núcleo de *Eyes Wide Shut*, arredada da narración convencional ata o extremo de poder suxerir un anacronismo nunca latente e unha negrura sorteada a modo de luminosidade testamentaria puntuada por Shostakóvich.

O autor apodérase dos materiais literarios de partida que adapta –algo omnipresente na súa obra– para darlles novas formas e perspectivas. Kubrick ten confianza absoluta na linguaxe e na posta en escena literaria, de aí a procedencia dos seus proxectos. Do mesmo modo que a disecación dos (diferentes) microcosmos de poder –non escapa, claro está, a familia– crocroszo de poder da súa filmografía, Kubrick fabrica ou trasládanos criaturas filmi-

cas, obsesivas, teimudas, que sempre están sometidas ás circunstancias, ou que directamente non dispoñen dos recursos ou información para sobrepasar a súa situación e realizar os seus obxectivos/desexos. A comprensión destes personaxes distánciase da presunta frialdade do realizador, un tema en si mesmo, xa que a propia análise da súa personalidade aparecerá dominada por unha mancha de lendas. Por esta e moitas outras razóns, o misterio Kubrick segue vigorosamente vivo; a súa obra afortunadamente tamén.

UNIVERSO HITCHCOCK (e III)

Finalizamos o ciclo dedicado á obra cinematográfica de Alfred Hitchcock (1899-1980), un percorrido a xeito de antoloxía que contou con 22 dos títulos dirixidos por el e con dous documentais sobre aspectos referidos ao seu traballo fílmico. Proxectamos catro títulos máis: *Alarma en el expreso* (1938), *Enviado especial* (1940), *Sospecha* (1941) e *Los pájaros* (1963).

“*The Lady Vanishes (Alarma en el expreso)* ten todas as características de dicionario. É exactamente a suma da serie Gaumont-British. Do mesmo modo, é un filme que require poucos comentarios. Hai, ao comezo, as maquetas e os autos mecánicos cos que Hitch adora xogar. Os actores son todos excelentes e a moza Margaret Lockwood é, seguro, máis incitante que Nova Pilbeam. Hitchcock impón ao público, sen dificultade, esta construción en dous tempos que molestara tanto en *Rich and Strange* e *Secret Agent*. As alusións á actualidade son duras, e certo pano branco, axitado en van por un dos personaxes, un neutralismo antipático, que non deixa de evocar a Munich. A imaxinación dos diálogos de Sidney Gilliat non afoga en absoluto a personalidade do realizador. Trátase dun excelente filme inglés, un excelente filme de Hitchcock”. (Eric Rohmer e Claude Chabrol, *Hitchcock*).

“Un dos filmes máis subestimados de Hitchcock. *Foreign Correspondent (Enviado especial)* é un thriller visto como documento político, e a primeira contribución de Hitch ao esforzo pola guerra. Filme de sutís reveses e transferencias (ata o muíño de vento xira en sentido contrario), non é tan simple como puidese parecer. O accidente do avión sobre o mar é un dos efectos especiais mellor conseguidos de Hitchcock. Con Joel McCrea, Laraine Day, Robert Benchley, George Sanders e Eduardo Cianelli constitúe un dos seus cástings máis interesantes”. (James Monaco, *Take One*).

“Por parte de Hitchcock, (*Suspicion/ Sospecha*) é un ataque a América onde o soño é comercializado pola aparencia e onde o consumo embrutece. Ataque da mitoloxía americana e do *happy end* (a escolla de Cary Grant non deixa ningunha dúbida neste aspecto)”. (Noël Simsolo, *Hitchcock*).

“A máis definitiva das comedias de Hitchcock. Cómpre pensar nela neses termos; unha desorbitada e cósmica parodia, inzada de irónico terror. O director sempre mostrou gran debilidade por *The trouble with Harry (Pero...¿quién mató a Harry?)*, mais *The Birds (Los pájaros)* incide nesa mesma caprichosa morbidez que en *Harry* non acababa de dar resultados. *The Birds* constituía para Hitchcock un dos seus maiores retos técnicos, ao que soubo enfrontarse coa soltura dun mestre. Ningunha das súas películas resulta tan desorientadora: os ataques dos paxaros son tanto máis terroríficos en canto que Hitchcock os considera con imperturbable obxectividade. Aínda lembro os deleite o shock inicial ante a audacia e perfección da escena final”. (Jay Cocks, *Take One*).

Agradecimentos: Martin Pawley, Zeitun Films, Oliver Laxe, Armand Rovira, Albert Serra, Alfonso Zarauz, Xosé Manuel Pereiro, Pep Garrido, Ariadna Onofri, Yonay Boix, Ramón Luís Bande, Vera Robert, Juan Rodríguez, Álvaro F. Pulpeiro, Víctor Paz Morandeira, Alberte Pagán.

MARTES

Xan. **07**
19.30h.
Fóra de serie
HASTA SIEMPRE, HIJO MÍO
 Wang Xiaoshuai, 2019
 185'. DCP. Subt. Castelán.

Xan. **14**
18 e 20.30h.
Fóra de serie
PARÁSITOS
 Bong Joon-ho, 2019
 131'. DCP. Subt. Castelán.



Xan. **21**
19.30h.
Esenciais: Kubrick
EYES WIDE SHUT (1999)
 160'. DCP. Subt. Castelán.



Xan. **28**
18 e 20.30h.
Universo Hitchcock
LOS PÁJAROS (1963)
 120'. 35mm. Subt. Castelán.



Feb. **04**
20.30h.
Banda á parte
SIN TECHO
 Xesc Cabot, Pep Garrido, 2019
 99'. DCP. Subt. Castelán. Presenta: Pep Garrido.

Feb. **11**
18 e 20.30h.
Fóra de serie
FOURTEEN
 Dan Sallitt, 2019
 94'. DCP. Subt. Castelán.



Feb. **18**
20.30h.
Banda á parte
DERECHOS DEL HOMBRE
 Juan Rodríguez, 2018
 76'. DCP. Presenta: J. Rodríguez.



MÉRCORES

Xan. **08**
18 e 20.30h.
Universo Hitchcock
ENVIADO ESPECIAL (1940)
 120'. DCP. Subt. Castelán.

Xan. **15**
20.30h.
Banda á parte
LETTERS TO PAUL MORRISSEY
 Armand Rovira, 2018
 80'. DCP. Subt. Castelán. Presenta: A. Rovira.

Xan. **22**
19.30h.
Banda á parte
LIBERTÉ
 Albert Serra, 2019
 132'. DCP. Subt. Castelán. Presenta: A. Serra.



Xan. **29**
17.45 e 20.30h.
Esenciais: Kubrick
LOLITA (1962)
 153'. DCP. Subt. Castelán.



Feb. **05**
18 e 20.30h.
Banda á parte
LOS DÍAS QUE VENDRÁN
 Carlos Marqués-Marcet, 2019
 95'. DCP. Subt. Castelán.



Feb. **12**
20.30h.
Banda á parte
CANTARES DE UNA REVOLUCIÓN
 Ramón Lluís Bande, 2018
 80'. DCP. Presenta: R.L. Bande.

Feb. **19**
18h.
Banda á parte
EL COMPLEJO DE DINERO
 Juan Rodríguez, 2015
 76'. DCP. Presenta: J. Rodríguez.

20.30h.
Banda á parte: Álvaro F. Pulpeiro
La jovencita no envejece, se descompone (2019)
NOCTURNO: FANTASMAS DE MAR EN PUERTO (2017)
 112'. DCP. Presenta: Álvaro F. Pulpeiro.

Feb. **26**
18 e 20.30h.
Banda á parte
EL VIAJE DE MARTA
 Neus Ballús, 2019
 82'. DCP. Subt. Castelán.

XOVES

Xan. **09**
18 e 20.30h.
Banda á parte
LA VIRGEN DE AGOSTO
 Jonás Trueba, 2019
 125'. DCP. (1946)
 98'. DCP.

Xan. **16**
18 e 20.30h.
Fóra de serie
HISTORIA DE UN MATRIMONIO
 Noah Baumbach, 2019
 135'. DCP. Subt. Castelán.



Xan. **23**
18h.
Esenciais: Kubrick
EYES WIDE SHUT (1999)
 160'. DCP. Subt. Castelán.

21h
Banda á parte
LA CIUDAD OCULTA
 Víctor Moreno, 2018
 80'. DCP.

Xan. **30**
18 e 20.30h.
Banda á parte
LA HIJA DE UN LADRÓN
 Belén Funes, 2019
 102'. DCP.

Feb. **06**
17.45 e 20.30h.
Esenciais: Kubrick
LA NARANJA MECÁNICA (1971)
 136'. DCP. Subt. Castelán.

Feb. **13**
18h.
Esenciais: Kubrick
BARRY LYNDON (1975)
 185'. DCP. Subt. Castelán.



Feb. **20**
18 e 20.30h.
Esenciais: Kubrick
EL RESPLANDOR (1980)
 114'. DCP. Subt. Castelán.



Feb. **27**
18 e 20.30h.
Esenciais: Kubrick
LA CHAQUETA METÁLICA (1987)
 116'. DCP. Subt. Castelán.

VENRES

Xan. **10**
18 e 20.30h.
Fóra de serie
LETO
 Kirill Serebrennikov, 2018
 126'. DCP. Subt. Castelán.

Xan. **17**
18 e 20.30h.
Universo Hitchcock
ALARMA EN EL EXPRESO (1938)
 97'. 35mm. Subt. Castelán.

Xan. **24**
18 e 20.30h.
Universo Hitchcock
SOSPECHA (1941)
 99'. 35mm. Subt. Castelán.



Xan. **31**
17.45 e 20.30h.
Esenciais: Kubrick
2001, UNA ODISEA DEL ESPACIO (1968)
 149'. DCP. Subt. Castelán.



Feb. **07**
18h.
Desencadres
THE GRAND BIZARRE
 Jodie Mack, 2018
 60'. 35mm.

20.30h.
Banda á parte
ARI Y YONAY PASAN EL RATO
 Yonay Boix, Ariadna Onofri, 2019
 64'. DCP. Subt. Castelán. Presenta: Y. Boix e A. Onofri.

Feb. **14**
19.30h.
Esenciais: Kubrick
BARRY LYNDON (1975)
 185'. DCP. Subt. Castelán.

Feb. **21**
20.30h.
Off Galicia
LOS AMIGOS, LA PINÍCULA
 Omar Rabuñal Varela, 2019
 65'. DCP. Presenta: O. Rabuñal.
 Entrada de balde.

Feb. **28**
18 e 20.30h.
Fóra de serie
BUSCANDO LA PERFECCIÓN
 Julien Faraut, 2018
 95'. DCP. Subt. Castelán.



SÁBADO

Xan. **11**
18h.
NCG10: Oliver Laxe
Grrr! nº7: Y las chimeneas decidieron escapar (O. Laxe, Enrique Aguilar, 2006)
Grrr! nº8. Suena la trompeta, ahora veo otra cara (2007)
Paris#1 (2008)
 52'. Vídeo. Presenta: Martin Pawley.
 Entrada de balde.

Xan. **18**
18h.
Rino Lupo
CARMIÑA, FLOR DE GALICIA (1926)
 125'. 35mm. Entrada de balde.



Xan. **25**
18h.
CGAI Júnior
DILILI EN PARIS
 Michel Ocelot, 2018
 95'. DCP. Versión castelá.
 Entrada de balde.
 (+7 anos)



Feb. **01**
18h.
Pensando en cine, pensando en Galicia
ENCALLADOS
 Alfonso Zarauza, 2013
 67'. HD. Presentación e coloquio con Antón Reixa e o xornalista Xosé Manuel Pereiro.
 Entrada de balde.

Feb. **08**
18h.
Desencadres: Stan Brakhage #38
Three Homeric (1993)
Ephemeral Solidity (1993)
Elementary Phrases (1994)
Cannot Exist (1994)
Cannot Not Exist (1994)
In Consideration of Pompeii (1995)
Paranoia Corridor (1995)
 60'. 16mm.

Feb. **15**
18h.
CGAI Júnior
EL VIENTO ENTRE LAS CAÑAS
 AA.VV., 2017
 62'. DCP. Versión castelá.
 Entrada de balde.
 (+5 anos)

Feb. **22**
18h.
NCG10: Alberte Pagán
Eclipse (2010)
Bs. As. (2006)
 79'. Vídeo. Presenta: A. Pagán.
 Entrada de balde.

Feb. **29**
18h.
CGAI Júnior
LADRÓN DE BICICLETAS
 Vittorio de Sica, 1948
 88'. DCP. Subt. Castelán.
 Entrada de balde.
 (+9 anos).

Programación
255

xan. / feb. 2020

Información xeral
 Todos os filmes se proxectan en versión orixinal, agás indicación contraria. A duración dos filmes é orientadora e aproximada. Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade. Unha vez comezada a sesión, non se permitirá a entrada á sala de proxeccións.

As sesións sinaladas con signos de exclamación sofren modificacións respecto dos horarios habituais.

Prezo da entrada
 Xeral: 1'20 €
 Camé Xove: 0'60 €
 Abono de 10 sesións: 9 €
 As sesións de entrada gratuíta notificaranse no programa.

A venda de entradas iniciárase 15 minutos antes de comezaren as sesións (non se venden entradas anticipadamente). Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

Sala de proxeccións
 CGAI. Durán Loriga, 10 baixo, 15003 A Coruña
 Tel.: 881 881 270 Fax: 881 881 271
 e-mail: cgai@xunta.gal

Subtitulado electrónico: Subtitula'm S.L.

Información adicional sobre ciclos e filmes: <https://cgai.xunta.gal>